

Campus de Vigo  
Campus de Ourense  
Campus de Pontevedra

Fac. de Bioloxía  
Fac. de Ciencias da  
Educación  
Fac. de Ciencias da  
Educación e do  
Deporte

Máster universitario en  
educación secundaria  
obrigatoria, bacharelato,  
formación profesional e  
ensino de idiomas

<b>Rama de coñecemento</b>	Multidisciplinaria
<b>Prazas ofertadas</b>	280
<b>Créditos ECTS totais</b>	60
<b>Créditos ECTS do traballo de fin de mestrado</b>	6
<b>Presencialidade</b>	Presencial
<b>Universidades participantes</b>	Universidade de Vigo

## Descrición

O obxectivo fundamental deste mestrado é ofrecerlle ao alumnado unha formación pedagóxica e didáctica de alto nivel orientada ao ámbito profesional docente e que o capacite para o exercicio da docencia na educación secundaria obrigatoria, o bacharelato, a formación profesional e o ensino de idiomas.

## Perfil de ingreso recomendado

Títulos universitarios en temas afíns á especialidade que se desexa cursar.

No caso de que a titulación que posúa o/a estudante non coincida coa especialidade que desexa cursar, deberá superar un exame ou unha proba de acceso.

En todo caso, o perfil de ingreso, á parte das diferentes especialidades, que consideramos que debe de cumprir todo alumno/a que desexe acceder a este mestrado, debe ser e ter:

- Inclinación vocacional expresada no interese por comprender e facilitar a resolución das problemáticas nos procesos de ensino-aprendizaxe do ser humano, no seu ámbito pedagóxico e de interacción social.
- Disposición e motivación para a aprendizaxe de todos os contidos que se lle presenten neste mestrado e responsabilidade no seu propio proceso de aprendizaxe.
- Capacidade de reflexión e de facer achegas propias a todos os procesos pedagóxicos, sociais, culturais e políticos que repercuten no campo da ensinanza.
- Compromiso en querer adquirir a máis alta formación e capacitación no desenvolvemento deste mestrado.
- Motivación para participar en todas as accións que se lle propoñan tanto dende a estrutura interna dos estudos de mestrado como dende a universidade.
- Habilidades de comunicación e interrelación persoal.
- Compromiso social cara ao respecto, a tolerancia e a empatía.

Quen desexe acceder ao mestrado deberá acreditar o dominio dunha lingua estranxeira, equivalente ao nivel B1 do Marco común europeo de referencia para as linguas.

## Saídas profesionais

Habilita para o exercicio das profesións de profesor/a de ensinanza obrigatoria, bacharelato, formación profesional e ensino de idiomas.

## Máis información

Coordinadora	Josefina Garrido González
Páxina web do mestrado	<a href="http://mpe.uvigo.es/index.php?lang=es">http://mpe.uvigo.es/index.php?lang=es</a>
Páxina web do centro	<a href="http://www.facultadbiologiavigo.es/">http://www.facultadbiologiavigo.es/</a> <a href="http://www.uvigo.es/uvigo_gl/Centros/ourense/ciencias_educacion.html">http://www.uvigo.es/uvigo_gl/Centros/ourense/ciencias_educacion.html</a> <a href="http://feduc.webs.uvigo.es/">http://feduc.webs.uvigo.es/</a>
Código RUCT	4311037
Enlace ao RUCT	<a href="https://www.educacion.gob.es/ruct/estudio.action?codigoCiclo=SC&amp;codigoTipo=M&amp;CodigoEstudio=4311037&amp;actual=estudios">https://www.educacion.gob.es/ruct/estudio.action?codigoCiclo=SC&amp;codigoTipo=M&amp;CodigoEstudio=4311037&amp;actual=estudios</a>
Teléfono	986 818 667
Enderezo electrónico	<a href="mailto:mastersecundaria@uvigo.es">mastersecundaria@uvigo.es</a>